



INFORME ANUAL de SEGUIMIENTO

Grao en Enxeñería Química
Curso Académico: 2012-13

1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Enxeñería Química
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	
Rama de coñecemento	Enxeñería e Arquitectura
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Escola Técnica Superior de Enxeñería
Centro onde se imparte o título	Escola Técnica Superior de Enxeñería
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	----
Responsable do título	Director da Escola Técnica Superior de Enxeñería: Antonio Mosquera González
Correo electrónico do responsable do título	etse.direccion@usc.es
Curso de implantación do título	2009-2010
Data última acreditación	29 de xuño de 2010

2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,...
<p>Descrición do título</p>	<p>Denominación Rama de coñecemento Universidade solicitante Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto Centro/s onde se imparte o título No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s Tipo de ensinanza Rexime de estudo Periodicidade da oferta Número de plazas de novo ingreso ofertadas Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e periodo lectivo Normas de permanencia Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título Responsable do título Coordinador do título Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia Data publicación BOE Data última acreditación Memoria vixente do título Informe final de avaliación previo á verificación</p>	<p>Esta información encóntrase dispoñible na páxina da USC: http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9 accesible tamén desde: www.usc.es > Coñece a USC > Centros > Escola Técnica Superior de Enxeñaría > Grao en Enxeñaría Química</p> <p>Ademais tamén se pode acceder desde a páxina web propia da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE): http://www.usc.es/etse e picar en: Grao en Enxeñaría Química > Plano de estudos</p> <p>En particular, na páxina web propia da ETSE, no apartado de Grao en Enxeñaría Química, hai un subapartado específico (Verificación GrEQ) que recolle toda a información relacionada co proceso de verificación do título: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10485</p> <p>A información sobre o Suplemento Europeo ó Título atópase na páxina web da USC (Información para Estudantes Egresados > Suplemento Europeo ao Título (SET) e Europass): http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/set.html</p>
<p>Xustificación</p>	<p>Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional Referentes externos á Universidade Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade Política de calidade Obxectivos de calidade Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Esta información está dispoñible na memoria verificada do título, accesible nos apartados da web da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10485 http://www.usc.es/etse/info</p> <p>Os aspectos de calidade indicados tamén se recollen na web do centro: www.usc.es/etse/calidade. Este procedemento encóntrase no SGIC implantado na ETSE (procesos PE-02 e PM-01) e xa verificado, na páxina www.usc.es/etse/sgic. A política de calidade do centro, os obxectivos de calidade e os plans de accións dos distintos anos, encóntrase nos apartados da páxina web da ETSE: www.usc.es/etse/calidade, no apartado "Plans de calidade da ETSE".</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
<p>Competencias Obxectivos</p>	<p>Obxectivos do título Competencias xerais que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título Competencias específicas que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Esta información está dispoñible na páxina do título de Grao en Enxeñería Química da web da USC, xa antes indicada: http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9</p> <p>O procedemento encóntrase no SGIC implantado na ETSE (proceso PM-02) e xa verificado, na páxina www.usc.es/etse/sgic</p> <p>O plan de mellora encóntrase incluído no plan de acción anual, ao que se pode acceder dende a páxina do centro: www.usc.es/etse/calidade, e seleccionando o apartado "Plans de calidade da ETSE"</p>
<p>Acceso e admisión de estudantes</p>	<p>Demanda Matrícula Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión) Procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso Condições ou probas de acceso especiais, se existen Información sobre o apoio e orientación aos/ás estudantes Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo/a estudante, se fose o caso Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes Procedemento documentado para a orientación aos/ás estudantes Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>A maior parte de información indicada está dispoñible na ligazón do plano de estudos antes referenciada: http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9</p> <p>A información sobre matrícula está máis especificamente recollida na páxina xeral da USC (www.usc.es > Admisión e matrícula): http://www.usc.es/gl/matricula/index.html</p> <p>Na web da ETSE (www.usc.es/etse/info) está dispoñible a Memoria do Título, que inclúe información sobre o procedemento de acollida e orientación de estudantes de novo ingreso. Ademais, inclúe información da xornada de presentación aos estudantes de 1º, información dos perfís de ditos estudantes obtida mediante unha enquisa que se pasa durante dita xornada, informes de inserción laboral que elabora a ACSUG periodicamente, e unha presentación sobre a evolución na sinatura de convenios para prácticas.</p> <p>A información sobre plans de mellora está accesible na sección de "Calidade" da web da ETSE, xa antes mencionada: www.usc.es/etse/calidade</p> <p>Os procedementos de selección, admisión e matriculación de estudantes, así como da orientación ós estudantes ó respecto, son fundamentalmente os xerais da USC (http://www.usc.es/gl/matricula/index.html, http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/), sen que haxa especiais particularidades a nivel de centro.</p>
<p>Planificación das ensinanzas</p>	<p>Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo</p>	<p>A maior parte da información indicada está dispoñible na web da USC:</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>Distribución temporal Horarios Mecanismos de coordinación docente Infraestructuras Guías docentes/Programación docente Sistema de avaliación Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.) Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza Procedemento documentado para a revisión e mellora do título Procedemento documentado da oferta formativa Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título Criterios de suspensión do título Desenvolvemento da ensinanza Procedemento documentado para a suspensión do título Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais Perfil de ingreso recomendado Perfil de egreso Normativa académica do curso Baremo empregado no proceso de admisión Calendario de pre-inscripción Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo) Información sobre o seguro escolar Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do/a estudante Información sobre o servizo de apoio ao emprego Información sobre cursos a estudantes Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado Información sobre a mobilidade Información sobre as prácticas externas, se as houberse Información sobre o plan de acción tutorial Normativa académica Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes Procedemento documentado de orientación aos/as estudantes Procedemento documentado de mobilidade dos/as estudantes Procedemento documentado de prácticas externas, se as houberse Procedemento documentado de orientación profesional Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9</p> <p>Os sistemas de avaliación están integrados en cada unha das guías docentes das materias, dispoñibles na ligazón anterior.</p> <p>Os horarios están dispoñibles na web propia da ETSE, na lapela "Horarios" dentro da sección "Grao en Enxeñería Química": http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10497</p> <p>Os mecanismos de coordinación docente realízanse a diferentes niveis: Comisión do Título, reunións de profesores de curso, e reunións de profesores de materia. Encóntanse descritos no SGIC da ETSE (proceso PC-09), xa verificado, na páxina: www.usc.es/etse/sgic</p> <p>As infraestructuras están dispoñibles en: www.usc.es/etse > A Escola > Infraestructuras (http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras).</p> <p>A información sobre o Traballo Fin de Grao está dispoñible na web da ETSE, sección do Grao en Enxeñería Química, apartado Traballo Fin de Grao: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10545</p> <p>Os procedementos indicados atópanse no SGIC implantado na ETSE e xa verificado, na páxina www.usc.es/etse/sgic.</p> <p>A información sobre prácticas en empresas e mobilidade para os estudantes do título atópase dispoñible nas seguintes ligazóns (web da ETSE): http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10463 http://www.usc.es/etse/mobilidade</p> <p>Os estudantes poden acceder ao resto da información solicitada a través da web da USC, perfil do estudante: http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/index.html</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
Recursos humanos	<p>Descrición do profesorado</p> <p>Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos</p> <p>Procedemento documentado da política do PDI e PAS</p> <p>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>A descrición xeral do profesorado e de outros recursos humanos dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos está na memoria do título, dispoñible en www.usc.es/etse/info.</p> <p>Ademais, tanto na web da USC referente ao centro e ao título como na web propia da ETSE pode accederse ós datos do profesorado e persoal do centro: www.usc.es/etse, apartado "Persoal".</p>
Recursos materiais e servizos	<p>Aulas e seminarios</p> <p>Espazo do persoal académico</p> <p>Laboratorios</p> <p>Salas de informática</p> <p>Salas de estudo</p> <p>Outros espazos para os/as estudantes</p> <p>Biblioteca</p> <p>Servizos dispoñibles</p> <p>Espazos para os/as representantes de estudantes</p> <p>Outros equipamentos</p> <p>Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais</p> <p>Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Esta información está a disposición pública na web da ETSE, nos apartados de "Infraestructuras" e de "Servicios":</p> <p>http://www.usc.es/etse/gl/infraestructuras</p> <p>http://www.usc.es/etse/gl/category/3/15</p> <p>Os procedementos indicados están incluídos no SGIC implantado na ETSE, dispoñible en: www.usc.es/etse/sgic.</p>
Resultados previstos	<p>Taxa de rendemento</p> <p>Taxa de abandono</p> <p>Taxa de eficiencia</p> <p>Taxa de graduación</p> <p>Outras taxas que o título fai públicas (SGIC)</p> <p>Taxas de inserción laboral</p> <p>Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos/as estudantes</p> <p>Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades</p> <p>Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe</p> <p>Procedemento documentado para o control de resultados académicos</p> <p>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos</p> <p>Procedemento documentado de información pública</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Na web do Vicerrectorado de Responsabilidade Social e Calidade > Datos Calidade > Graos:</p> <p>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html</p> <p>Taxa de inserción laboral: Aínda non teñen sentido, os primeiros graduados corresponden ó curso 2012/13.</p> <p>Os procedementos indicados están incluídos no SGIC implantado na ETSE, dispoñible en: www.usc.es/etse/sgic.</p>
Sistema de garantía da calidade	<p>Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título</p> <p>De ser o caso, planificación estratéxica</p> <p>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado</p> <p>Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade</p> <p>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e</p>	<p>Ligazón á páxina do Sistema de Garantía Interna da Calidade da ETSE, na que se atopa a meirande parte da información indicada:</p> <p>http://www.usc.es/etse/sgic</p> <p>(Tamén accesible desde a páxina de inicio da web da ETSE > Calidade > Sistema de Garantía Interna de Calidade da ETSE)</p> <p>Na sección de Calidade tamén se atopa unha ligazón á planificación</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
	<p>da satisfacción coa formación recibida Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións Procedemento documentado de suspensión/extinción do título Manual do SGIC Informe final de certificación do SGIC Listado de documentos en vigor do SGIC Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>estratéxica, descargable como ficheiro PDF: http://www.usc.es/etse/files/u1/PlanificacionEstratexicaETSE.pdf</p> <p>A composición da Comisión de Calidade da ETSE encóntrase na súa web, apartado Organización > Comisións delegadas > Comisión Calidade: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/14/54/10252</p> <p>O plan de mellora encóntrase incluído no plan de acción anual, ó que se pode acceder desde a web da ETSE, picando na sección de Calidade: http://www.usc.es/etse/gl/calidade, e elixindo o apartado "Plans de calidade da ETSE"</p>
<p>Calendario de implantación</p>	<p>Cronograma de implantación do título Información sobre a adaptación, no seu caso, dos/as estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto</p>	<p>Curso 2011-12: implantáronse os cursos 1º e 2º Curso 2011-12: púxose en marcha o 3º curso Curso 2012-13: culminouse a implantación do Grao coa posta en marcha do 4º curso</p> <p>Foron extinguíndose gradualmente os estudos de Enxeñeiro Químico (5 anos). No curso 2013/14 soamente se impartirá a docencia do 5º e derradeiro curso.</p> <p>A adaptación dos estudantes dos estudos anteriores de Enxeñeiro Químico, así como tamén dos de Enxeñeiro Técnica Industrial especialidade Química Industrial, ós novos estudos de Grao está accesible na web da USC sobre o título: http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9 na lapela "Oferta e admisión".</p>

3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Os cambios nos datos aportados na Memoria limítanse ós de tipo persoal en función do relevo de cargos responsables. Así, o responsable do título é Antonio Mosquera González, actual director da Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE); e o coordinador do título, desde setembro de 2013, é Héctor Rodríguez Martínez. A relación actualizada de cargos pode verse na web do Centro (http://www.usc.es/etse).</p> <p>Hai un bo axuste das prazas ofertadas para novo ingreso (indicadores IN01-PC-05 e IN03-PC-05): 60 prazas de novo ingreso ofertadas; e unha evolución na matrícula de novo ingreso de 63 (curso 2010/11), 58 (curso 2011/12) e 76 (curso 2012/13).</p> <p>A impartición da docencia mantense nos tres idiomas estipulados na Memoria: castelán, galego e inglés. Na páxina do título na web da USC aparece a información sobre normativa de permanencia, matrícula mínima, etc.: http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9 (accesible facilmente desde a páxina principal da ETSE > Grao en Enxeñería Química > Plano de Estudos). A información sobre o Suplemento Europeo ó Título atópase na páxina web da USC (Información para Estudantes Egresados > Suplemento Europeo ao Título (SET) e Europass): http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/set.html</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mantemento actualizado da páxina web do centro (http://www.usc.es/etse), incluíndo a sección do título (http://www.usc.es/etse/greg), por parte dos responsables do centro a través da xestora da unidade de apoio á xestión do mesmo. - Existencia dunha Comisión de Titulación que fai un seguimento da docencia, examina os resultados acadados e revisa os programas e contidos das materias (www.usc.es/etse > Organización > Comisións delegadas > Enxeñería química): http://www.usc.es/etse/gl/category/3/14/54/10165 - Realización dun informe anual da titulación no que se presentan os principais resultados e se fai unha reflexión sobre diversos aspectos da titulación (www.usc.es/etse > Grao en Enxeñería Química > Calidade GrEQ): http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10526 - Reunión anual co profesorado onde se presenta o informe da titulación. - Reunións de coordinación entre profesores do mesmo curso ou materia (actas internas). 							

PROPOSTAS DE MELLORA: (-)	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A Enxeñería Química iníciase como disciplina diferenciada de outras enxeñarías consolidadas fai máis de cen anos e é unha profesión recoñecida a nivel internacional. Os indicadores citados na Reflexión da sección anterior (Descrición do título) demostran unha demanda sostida por parte do estudiantado potencial. Por outra banda, dado o grao de implantación dos estudos, non se conta aínda con datos de inserción laboral. Pódense tomar como referencia, non obstante, os datos de inserción laboral dos estudos que se extinguen (Enxeñeiro Químico, 5 anos), que se inclúen no informe anual conxunto da titulación a extinguir e o novo título de Grao: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10526</p> <p>A estrutura do título de Grao en Enxeñería Química recolle as recomendacións da Sección de Educación da "European Federation of Chemical Engineers (EFCE)" no seu documento "Recommendations for Chemical Engineering Education in a Bologna Two Cycle Degree System" (http://www.efce.info/wpe.html), así como do libro branco do título de Grao de Enxeñeiro Químico do programa de converxencia europea da ANECA (http://www.aneca.es/var/media/150264/libroblanco_ingquimica_def.pdf), e segue as indicacións da Orden CIN/351/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial (BOE 20 de Febreiro de 2009) dos nosos titulados.</p> <p>Como referente externo á universidade, cabe destacar a presenza, un ano máis, da carreira de Enxeñería Química da USC (aínda que concretamente se refira á titulación en proceso de extinción e non ó Grao) no Top-5 do suplemento anual "50 Carreras" que elabora o xornal El Mundo (http://www.usc.es/etse/gl/node/3619).</p> <p>Tamén un referente externo, de momento ligado ós estudos en extinción, é a consecución da acreditación dos estudos de Enxeñería Química da USC pola Institution of Chemical Engineers (IChemE) do Reino Unido, unha institución de referencia a nivel internacional que acredita títulos de calidade contrastada no eido da enxeñería química en todo o mundo. En España actualmente só os estudos de Enxeñeiro Químico da USC e da Universidad de Valladolid posúen a devandita acreditación.</p> <p>A Política de Calidade, o Plano Estratéxico, a Programación Plurianual e o Plan de Melloras do Centro atópanse dispoñibles na súa web: http://www.usc.es/etse/gl/calidade. Igualmente aí está dispoñible o Plan de Melloras do Título, coas súas correspondentes Accións de Mellora.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de actividades de difusión do título a través do programa "A Ponte" da USC, en centros de ensinanza secundaria. - Dispoñibilidade de información detallada da profesión e saídas profesionais na web da ETSE. 							

<p>- Toma en consideración das recomendacións do comité asesor da acreditación de IChemE para a mellora continua do título.</p>	
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>- Consecución da acreditación internacional do título de Grao en Enxeñería Química para o ano 2014 por parte da Institution of Chemical Engineers (IChemE). [O proceso implica a visita dun comité asesor durante tres días, examinando con detalle tódolos aspectos relevantes do título, entrevistándose cos diferentes axentes implicados, visitando as instalacións, etc.]</p>	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Competencias/Obxectivos							
Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>O Sistema de Garantía Interna da Calidade da ETSE contempla o procedemento para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos, incluíndo polo tanto as competencias a adquirir. O SGIC está dispoñible en: www.usc.es/etse/sgic</p> <p>Nas reunións de docentes por curso, ó inicio e remate de cada semestre, a adquisición de competencias é un punto a tratar sistematicamente. Nas reunións de apertura de semestre avalíanse as competencias e desenvolver e o xeito en que este desenvolvemento se fará en cada materia; e nas reunións de peche de semestre analízase o grao de adquisición das competencias por parte do alumnado. Actas destas reunións son recollidas e arquivadas pola Unidade de Apoio á Xestión do Centro.</p> <p>Algo que sería desexable mellorar é a realización de visitas técnicas a empresas ó longo do Grao. Estase tratando de que haxa cando menos unha por semestre; non obstante, a realización destas visitas é relativamente imprevisible e está condicionada por múltiples factores <i>ad hoc</i>: desde a voluntariedade do profesorado ata a acollida á idea por parte da empresa, pasando polas limitacións orzamentarias para levar a cabo a actividade. Un plan estratéxico podería mellorar a calidade deste conxunto de actividades de gran importancia para a axeitada formación do alumnado.</p> <p>Nunha liña similar á comentada no parágrafo anterior, observáronse disfuncións no que respecta ó desexable manexo de software de simulación de procesos industriais (HYSYS é o noso software de referencia neste eido) por parte do alumnado. A docencia de HYSYS está distribuída en diferentes materias ó longo do plano de estudos, pero obsérvase que sería recomendable unha maior coordinación desas partes para adquirir a competencia correspondente a un nivel apropiado.</p> <p>Na normativa interna do Traballo Fin de Grao contéplase explicitamente que se debe valorar a adquisición das competencias estipuladas para a consecución do título: http://www.usc.es/etse/files/u1/130930Normativa_TFG_GEQ.pdf (accesible desde www.usc.es/etse > Grao en Enxeñería Química > Traballo de Fin de Grao). Ademais, tamén se reflicte explicitamente na Memoria do Título (páxina 132) que o Traballo Fin de Grao é o mecanismo para a avaliación da adquisición de competencias: http://www.usc.es/etse/files/u1/memoriagraoEQdenifinitivaaprobadaANECAv2.pdf</p> <p>Nas enquisas de satisfacción do alumnado (curso 2012/13), as preguntas relacionadas coas competencias teñen unha media superior a 3 puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase: 3.30 - Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia: 3.15 - Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos...): 3.38 							

<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Existencia dunha Comisión de Titulación que verifica anualmente a correcta inclusión das competencias nas guías docentes das materias do título (www.usc.es/etse > Organización > Comisións delegadas > Enxeñería química): http://www.usc.es/etse/gl/category/3/14/54/10165 - Elaboración de folleto con consellos sobre a elaboración de guías docentes dirixido ós profesores das materias, dispoñible na web do Centro: http://www.usc.es/etse/files/u1/RecomendacionsGuiasDocentes.pdf - Celebración de reunións, ó inicio e ó remate de cada semestre, dos docentes implicados en cada curso/semestre, nas que entre outras cousas se analizan as competencias a desenvolver e o xeito de desenvolvelas, así como a súa correspondente adquisición por parte do estudiantado. - Presentación das saídas profesionais na web do Centro: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10541 (accesible desde www.usc.es/etse > Grao en Enxeñería Química > Saídas profesionais). - Colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa), con sede na propia ETSE, para a identificación de necesidades formativas, tanto de estudantes como de egresados. 	
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exploración dun Plan Estratéxico para a realización de visitas técnicas a empresas. - Mellora da docencia transversal do software de simulación de procesos industriais. 	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Acceso e admisión de estudantes							
<i>Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A web da USC ofrece un apartado de información específica ós alumnos de novo ingreso (www.usc.es > Información para: futuros estudantes): http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/index.html. Nese portal poden obter información relativa á matrícula e procedementos de acceso do Sistema Universitario Galego, información sobre a admisión e traslados de estudantes procedentes doutras universidades, bolsas e axudas económicas, notas de acceso ás titulacións no curso precedente, etc. Máis especificamente en referencia ó Grao en Enxeñería Química, a información detallada sobre acceso e admisión, así como complementos formativos e outros, está pertinentemente recollida tamén na web da USC (partindo do portal anterior e picando en Oferta de Estudos > Titulacións de Grao adaptadas ó EEES > Grao en Enxeñería Química).</p> <p>A evolución da matrícula no Grao en Enxeñería Química durante os últimos anos (indicador IN02-PC-05) é a adecuada, tendo en conta a gradual implantación que se foi levando a cabo para substituír a titulación a extinguir coa nova titulación de Grao. O valor do indicador para o curso 2013/14 é de 231, que non anda lonxe do valor de 240 que resultaría de multiplicar o número de prazas de novo ingreso en 1º curso polo número de cursos dos que consta o Grao. Este dato está en consonancia coa evolución do indicador IN03-PC-05 referido á matrícula de novo ingreso, e mencionado anteriormente.</p> <p>A nota media de acceso por preinscrición (indicador IN06-PC-05) é de 10.95, sendo unha das notas medias máis elevadas do Sistema Universitario de Galicia, en particular na rama de coñecemento de Enxeñería e Arquitectura. Isto garante unha boa calidade de partida dos estudantes que acceden a cursar o título.</p> <p>No primeiro día lectivo do curso, os estudantes de novo ingreso reciben unha charla na ETSE (http://www.usc.es/etse/info, epígrafe "Xornadas de benvinda inicio curso") por parte dos responsables dos distintos órganos xestores implicados, onde se lles sinala cal é a estrutura da titulación, as orientacións existentes, a existencia de docencia en galego, castelán e inglés, e se lles presentan as instalacións do Centro, mediante unha visita a aulas, laboratorios, biblioteca e outras dependencias. Infórmaselles da existencia dunha equipa de dirección do centro, da existencia de coordinadores de curso e titulación, e pásaselles unha enquisa para coñecer o seu perfil académico e o seu nivel de linguas estranxeiras. Esta enquisa permite coñecer datos máis polo miúdo do perfil do estudiantado de novo ingreso, e que tamén se fan públicos na sección da web citada neste mesmo parágrafo. Os resultados xerais amosan unha boa coherencia entre o perfil de ingreso real e o perfil de ingreso recomendado (Capítulo 4 da Memoria do Título, dispoñible en: http://www.usc.es/etse/info, epígrafe "Memorias títulos da ETSE").</p> <p>A ETSE elabora unhas guías de inicio de curso, en soporte físico, que se reparten explicitamente ós estudantes de novo ingreso e que están dispoñibles para o resto de estudantes e membros da comunidade do Centro. Atópase, ademais, descargable en formato PDF desde a web da ETSE: http://www.usc.es/etse/info, epígrafe "Xornadas de benvinda inicio curso".</p>							

<p>Celébranse no Centro unhas xornadas de portas abertas para estudantes de ensino secundario, enmarcadas dentro das actividades do programa "A Ponte" da USC, con participación de profesorado do Departamento de Enxeñería Química.</p>	
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de cursos ponte específicos para titulados en Enxeñería Técnica Industrial especialidade Química Industrial pola USC, e para titulados en Enxeñería Química (titulación de 5 anos non adaptada ó EEES). - Establecemento e aprobación da táboa de validación de créditos para titulados en diferentes ciclos formativos superiores de Formación Profesional. - Envío de dípticos da titulación aos orientadores académicos e directores de centros de educación secundaria (http://www.usc.es/etse/files/u1/Diptico_GrEQ_11-12.pdf), principalmente a través do programa "A Ponte" da USC. - Organización dunha xornada de benvida ó comezo do curso ó estudiantado de novo ingreso, onde se presenta a información xeral de carácter académico específica do Centro e en certa medida da Universidade, para unha máis pronta integración e facilitación do desenvolvemento dos seus estudos. - Elaboración dunha Guía de Centro, que incorpora a información actualizada de maior utilidade para o estudiantado de novo ingreso, facilitando a súa integración no Centro. Esta guía repártese ós estudantes de novo ingreso na xornada de benvida ó inicio do curso, e por suposto está tamén dispoñible para o resto da comunidade da ETSE. 	
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>(-)</p>	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O título de Graduada ou Graduado en Enxeñería Química cumpre coas directrices contempladas no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007. O plan de estudos ten 240 ECTS, que conteñen toda a información teórica e práctica que o estudante debe adquirir. Estas ensinanzas rematan coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grado de 24 ECTS. Na táboa 5.3 do apartado 5, planificación das ensinanzas, que aparece nas páxinas 35 e 36 da memoria de Grao, así como na figura 5.1 (páxina 37) aparece un listado das materias do título de Graduado ou Graduada en Enxeñería Química da USC, sinalándose o número de ECTS, o semestre e o carácter obrigatorio, básico ou optativo das mesmas. Esta información está publicamente dispoñible na ligazón: http://www.usc.es/etse/files/u1/memoriagraoEOdenifinitivaaprobadaANECav2.pdf (accesible desde www.usc.es/etse > Información, no epígrafe "Memorias títulos da ETSE"). A memoria do título verificada por ANECA tamén contén (páxinas 46 a 132) unha descrición detallada de cada unha das materias, non só en canto a contidos, senón tamén en canto ás competencias que se desenvolven.</p> <p>Para unha maior coherencia da estrutura do plan de estudos e a distribución temporal das materias, e como se indica no Informe de Seguimento do curso 2011/12, modificáronse as fichas de dúas materias de 1º de Grao en Enxeñería Química: Fundamentos de Procesos Químicos (6 ECTS) e Análise de Procesos Químicos (4,5 ECTS), intercambiando parte dos contidos das mesmas. Así, as prácticas de laboratorio asociadas á primeira materia pasaron á segunda materia e parte dos contidos de teoría da segunda se trasladaron á primeira. Isto permite unha mellor consecución dos obxectivos do Título.</p> <p>A modificación anterior aparece xa recollida na páxina do título na web da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9, facilmente accesible desde o portal principal da web por medio de varias rutas evidentes. Aí tamén está contida a información substancial contida na Memoria do Título respecto da planificación das ensinanzas.</p> <p>Os horarios, tanto de teoría como de prácticas, aparecen na súa integridade para tódolos cursos na web da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10497 (portal principal > Grao en Enxeñería Química > Horarios). Publícanse sistematicamente tódolos anos a finais do curso precedente, e mantéñense actualizados ante calquera cambio ou axuste que faga falla realizar ó longo do curso. Mantense unha franxa horaria común ó estudantado apra actividades do centro xerais ou específicas.</p> <p>Das reunións mantidas cos grupos de interese, así como a partir de queixas de orixe diversa, obsérvanse diferentes disfuncións no que respecta ós horarios. Así, detectouse unha incompatibilidade horaria en un dos cursos ponte regrados (en concreto o que terían que cursar os estudantes titulados en Enxeñería Química Industrial especialidade Química Industrial pola USC). Este e outros pequenos detalles teranse en conta ó longo do curso 2013-14 na elaboración dos horarios para o curso 2014-15.</p>							

Os mecanismos de coordinación docente, tanto horizontal como vertical, están plenamente activos, con reunións ó inicio e peche de semestre entre os docentes de cada curso e semestre, e con reunións ó longo do ano do coordinador de título cos coordinadores de curso, ademais de reunións periódicas da Comisión do Título (actas arquivadas pola Unidade de Apoio á Xestión do Centro). Estes mecanismos encóntranse descritos no SGIC da ETSE (proceso PC-09) e xa verificado, na páxina www.usc.es/etse/sgic. Nas reunións de docentes por semestre, un dos puntos a tratar é a carga de traballo de cada materia acorde coa programación docente correspondente, na busca dun adecuado reparto temporal da devandita carga no que respecta ós estudantes.

Pola banda dos estudantes, existen as figuras de Delegado e Subdelegado de Curso, que se elixen cada ano democraticamente entre o alumnado de cadanseu curso. Promóvese a súa participación nas diferentes comisións do centro, e realízanse reunións destes representantes de curso co Coordinador de Título con periodicidade, para analizar o desenvolvemento do curso desde a súa perspectiva.

Na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (curso 2012/13), a pregunta relacionada coa coordinación, referida a materias con máis de un(ha) profesor(a), recibiu unha calificación superior a 3 puntos:

- Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia: 3,27

Ademais, o grao de satisfacción xeral do alumnado coa docencia recibida (indicador IN50-S01-PM-01) é de 3,54, que ademais supón manter un nivel estable en relación ó curso anterior. Pola contra, o nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (indicador IN51-S01-PM-01) é algo máis baixo: 2,82. Quizais isto responda á situación transitoria de extinción da titulación non adaptada e implantación do Grao, que combinada cos mecanismos de realización dos Plans de Organización Docente dos departamentos implicados pode dar pé a 'desaxustes' ó respecto de cales serían as materias desexadas polos diferentes membros do cadro de PDI e cales son as que realmente están impartindo nestes anos de adaptación.

A Comisión de Título ten publicada a súa composición na web da ETSE, xunto co seu regulamento específico: <http://www.usc.es/etse/gl/category/3/14/54/10165> (portal principal > Organización > Comisións delegadas > Enxeñería química).

As programacións docentes de tódalas materias, elaboradas conforme á normativa da USC e incluíndo os sistemas de avaliación, foron publicadas en tempo e forma, revisadas pola Comisión de Titulación. Están dispoñibles na páxina do título na web da USC:

<http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9>. Tamén se inclúen aí os datos do Traballo Fin de Grao, aínda que información máis extensa en relación a esta materia atópase na web da ETSE, no apartado Grao en Enxeñería Química > Traballo Fin de Grao:

<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10545>. Isto entróncase na liña dunha das accións de mellora do Informe de Seguimento do ano anterior, referente á elaboración dunha normativa que regulase de forma precisa o Traballo Fin de Grao.

Desde hai anos mantense a oferta dunha serie de materias en inglés, ó longo de tódolos cursos da titulación. O cursar estas materias en inglés é opcional para o estudantado, xa que se replican grupos, de xeito que sempre estea garantida a docencia en lingua oficial da USC. En calquera caso, hai unha boa resposta do alumnado, que se matricula en proporción axeitada nos grupos en inglés. Estas materias axudan a que o estudantado adquira a competencia de desenvolvemento nunha lingua estranxeira de referencia.

As programacións docentes tamén recollen explicitamente a utilización da plataforma virtual institucional como apoio á aprendizaxe na distancia (e-learning). A plataforma actual da USC é Moodle. Hai unha boa porcentaxe de uso da plataforma nas diferentes materias que coforman o plan de estudos, por parte dos profesores, como se pode comprobar nos diferentes documentos descargables na páxina do título na web da USC:

<http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9>

Respecto dos prazos de avaliación do estudantado, o valor do indicador IXA-04 é relativamente elevado: 17,95 %.

Na web da ETSE, sección de Normativa, está dispoñible a normativa académica do curso, tanto xeral como específica do centro (<http://www.usc.es/etse/normativa>).

A información de mobilidade para os estudantes do título encóntrase dispoñible na web da ETSE, na ligazón <http://www.usc.es/etse/mobilidade>. O indicador de mobilidade propia (indicador IN16-PC-08) é moi baixo: 1,3 %; aínda que isto é resultado de atoparse o título en período de implantación plena, xa que a mobilidade propia estivo tradicionalmente ligada de xeito principal no noso título ós cursos superiores, que son os pendentes de instaurar en plenitude. Respecto da mobilidade allea (indicador IN17-PC-08), o valor de 5,19 % resultante de dividir o número de estudantes externos polo total de matriculados considérase razoable. A adaptación ó formato Grao + Máster supón unha alteración dos convenios de mobilidade asinados con outras universidades, con bastantes convenios pasando a ser válidos unicamente para o nivel de Máster. Aínda así, mantense unha certa oferta para nivel de Grao. En calquera caso, sería recomendable traballar sobre unha posible ampliación da oferta no curso 2013-14 de cara a ofrecer un abano máis amplo no curso 2014-15. Ademais, os recortes levados a cabo recentemente en recursos para os programas de mobilidade supuxeron unha dificultade engadida. Por outra banda, cómpre mencionar a función facilitadora da Oficina de Relacións Exteriores (ORE) da USC, e a comodidade e accesibilidade do seu portal internacional (<http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/>).

A información de prácticas en empresas para os estudantes do título encóntrase dispoñible na web da ETSE, na ligazón <http://www.usc.es/etse/practicasempresas>. O indicador IN21-PC-09, de relación de egresados que fixeron prácticas a total de estudantes egresados, ten un valor alto: 80 %. Non obstante, somos conscientes da limitada representatividade deste dato, dado o limitado número de egresados do curso 2012/13, por atoparnos en período de transición na implantación do Grao. O dato do vindeiro ano será máis representativo.

No Informe de Seguimento do curso anterior (2011/12) figuraba como proposta de mellora a "Elaboración dunha normativa que regule as prácticas en empresas a través da materia de Aula Profesional, itinerario prácticas en empresas, de 4º curso de Grao". Non obstante, a práctica veu a amosar que esta normativa específica non é particularmente necesaria, e abonda con traballar ó respecto dentro do marco normativo común da USC para prácticas en empresas. Os estudantes non teñen maior problema en que esas prácticas, baixo ese marco normativo, lles compute axeitadamente na materia referida.

Os procedementos para a planificación e desenvolvemento da ensinanza (proceso PC-03), para a revisión e mellora do título (proceso PM-02) e para a oferta formativa (proceso PC-01) recóllense no SGIC implantado na ETSE, dispoñible no enderezo web <http://www.usc.es/etse/sgic>.

Os estudantes poden acceder a outra información de relevancia para eles (admisión, matrícula, bolsas, información académico-administrativa, residencias, titulacións, actividades culturais e deportivas, voluntariado, etc.) a través do perfil de estudante da web da USC: <http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/index.html>. En particular, nese portal tamén hai unha ligazón á Oficina de Información Universitaria (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>), que é un punto de

referencia importante para que o estudantado obteña a información que precisa.

BOAS PRÁCTICAS:

- Existencia de profesores Coordinadores de Curso, e de estudantes Delegados/Subdelegados de Curso.
- Reunión cos estudantes de último curso e elaboración de un documento de Preguntas Frecuentes en relación ó do Tránsito Fin de Grao (dispoñible na web da ETSE, sección Grao en Enxeñería Química, subsección Tránsito Fin de Grao: http://www.usc.es/etse/files/u1/130930_TFG_PreguntasFrecuentes.pdf)
- Incorporación de todo o PDI ás tarefas de titorización de Trábitos Fin de Grao.
- Reunións de apertura e peche de semestre, en cada curso e semestre docente, entre os profesores implicados, coordinadas polos Coordinadores de Curso.
- Reunións periódicas do Coordinador de Título cos Coordinadores de Curso e cos representantes de curso dos estudantes.
- Elaboración dun documento con recomendacións ós profesores para a elaboración das programacións docentes das materias do título (dispoñible na ligazón <http://www.usc.es/etse/files/u1/RecomendacionsGuiasDocentes.pdf>, accesible desde o portal de inicio da ETSE > Información, epígrafe "Información para profesores").
- Revisión por parte da Comisión de Titulación, antes da súa aprobación, de tódalas programacións das materias para o cumprimento da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e o recollido na memoria do título.
- Publicación das programacións docentes en tres linguas: galego, castelán e inglés.
- Publicación con antelación da planificación temporal da docencia, para facilitar o deseño da matrícula ou a posible compatibilidade con outras actividades por parte do estudantado.
- Existencia dun calendario de actividades académicas para cada curso (<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10497>, accesible desde o portal de inicio da ETSE > Grao en Enxeñería Química > Horarios, e as ligazóns "Calendario de actividades [...]"), de utilidade para os estudantes para a súa mellor planificación de esforzos, e para os profesores de cara a unha mellor distribución da carga de traballo do estudante.
- Presentación detallada das programacións docentes de cada materia, así como do calendario de actividades do curso, no seu primeiro día de clase.
- Posibilidade de cursar varias materias en inglés, ó longo dos cursos do título.
- Realización dunha memoria de prácticas externas por parte dos estudantes que as levan a cabo.
- Reserva dunha franxa horaria semanal para actividades xerais ou específicas do Centro (e.g. charlas, cursos complementarios ás materias do título, para facilitar a asistencia e participación do estudantado nas mesmas.
- Existencia de guías de mobilidade da ETSE, información sobre prazas, preguntas máis frecuentes... para os principais programas de mobilidade, na sección de Mobilidade da web da ETSE: Programa Erasmus

<p>(http://www.usc.es/etse/gl/category/3/45/76), Programa Séneca-Sicue (http://www.usc.es/etse/gl/category/3/45/77), convenios bilaterais (http://www.usc.es/etse/gl/category/3/45/10331).</p> <p>- Charla anual sobre os programas de mobilidade da Escola dirixida a alumnos da titulación. (Presentación descargable en: http://www.usc.es/etse/mobilidade)</p>	
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>- Melloras nos horarios de teoría e prácticas.</p> <p>- Diminución da porcentaxe de avaliacións (actas) fóra de prazo (indicador IXA-04).</p> <p>- Potenciación das opcións de mobilidade propia (indicador IN16-PC-08) e da visibilidade internacional de cara á mobilidade allea.</p> <p>- Mellora da calidade lingüística na docencia impartida en lingua inglesa polo PDI que se ofrece a impartila.</p>	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
<p>Modificación das fichas de dúas materias de 1º de Grao en Enxeñería Química: Fundamentos de Procesos Químicos (6 ECTS) e Análise de Procesos Químicos (4,5 ECTS), intercambiando parte dos contidos das mesmas. Así, as prácticas de laboratorio asociadas á primeira materia pasaron á segunda materia e parte dos contidos de teoría da segunda se trasladaron á primeira.</p>	<p>As experiencias cos primeiros cursos indicaron que non era apropiado que o estudiantado de novo ingreso tivese no 1º semestre un laboratorio ligado a unha materia do tronco específico da Enxeñería Química. Ó pasar este laboratorio ó 2º semestre, o estudiantado xa posúe unha experiencia previa valiosa noutro tipo de laboratorios ligados a créditos de formación básica.</p>

Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A información sobre o PDI e o PAS do centro está dispoñible na web da ETSE, na sección de Persoal: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/17. O profesorado que especificamente imparte cada materia do título é accesible mediante descarga da programación docente particular, na páxina do título na web da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=13928&estudio=13929&codEstudio=13528&valor=9</p> <p>O número de profesores segue a ser suficiente para a impartición en plenitude do Grao, aínda que se acusa a redución de profesores asociados, de catro a soamente un. Isto causou algunha dificultade na reasignación dalgunha materia tradicionalmente impartida por profesores asociados con traxectoria e experiencia profesionais específicas; pero solventouse axeitadamente co persoal dispoñible. Tamén se produciu algunha xubilación, e están previstas outras en anos próximos; pero compénsanse coa estabilización de novos investigadores-docentes (accedendo normalmente, en particular no caso do Departamento de Enxeñería Química –o de maior relevancia na docencia do Título–, a través dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal).</p> <p>O persoal de Administración e Servizos é en principio tamén suficiente para garantir o correcto funcionamento de instalacións e equipos (centro, aulas de informática, biblioteca, secretaría de centro); aínda que se bota en falta un maior grao de recursos humanos para atender as numerosas aulas de informática xestionadas polo Centro.</p> <p>A porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI con quinquenios (indicador IN23-P5-01) na docencia do Título é 89,36 %, bastante elevado. Isto dá unha idea do perfil integral do PDI implicado no Título, cultivador das vertentes tanto investigadora como docente. Nunha liña similar, a ratio de PDI doutor sobre PDI total (indicador IN24-P5-01) é 0,94, bastante próxima á unidade. Un pouco máis baixa é a ratio de PDI funcionario a PDI total (indicador IN25-P5-01): 0,72; que quizais haxa que interpretar no marco actual de restricións e dificultades á estabilización de novo PDI con figuras de funcionariado.</p> <p>As medias de alumnos por grupo de teoría e por grupo de prácticas (indicadores IN30-P5-01 e IN31-P5-01) sitúanse en 48,8 e 16,4, respectivamente. Considéranse valores axeitados e aceptables para un correcto desenvolvemento da docencia do Título, dentro das posibilidades estruturais.</p> <p>En liñas xerais, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (indicador IN50-S01-PM-01) pode considerarse aceptablemente boa, cunha puntuación de 3,54. É máis baixa, 2,82, no caso do profesorado coa docencia impartida (indicador IN51-S01-PM-01). Quizais a falta de un grao de satisfacción máis elevado entre o profesorado estea ligada ó proceso de transición no que se extingue unha titulación e se implanta outra, que, en combinación coas normativas de asignación de materias no Plan de Organización Docente dos departamentos, pode dar lugar a 'desaxustes' na selección das materias preferidas por parte de cada profesor(a).</p>							

Existe unha relación fluída, con reunións periódicas e intercambio oportuno de información, entre a Dirección do Centro e a Coordinación do Título (o coordinador toma parte nas reunións da equipa de dirección do Centro). Nesta relación inclúese a análise de posibles problemas vinculados á docencia, e as posibles solucións que se lles poden dar. Un dos mecanismos do Coordinador para identificar problemas asociados coa docencia é a reunión de presentación do informe anual da titulación no centro, así como tamén reunións cos profesores coordinadores dos diferentes cursos, e igualmente cos estudantes delegados/subdelegados de cada curso.

Cada ano elabóranse unhas guías do centro específicas para os profesores. Estas guías inclúen información diversa de utilidade para o docente, como por exemplo os mecanismos para a reserva de espazos, os membros dos equipos directivos, os órganos e comisións existentes así como contactos cos responsables, etc.

Circunscritos nos actos de celebración do Día da Escola, outórganse anualmente os premios "Leonardo" á docencia, que premio ós docentes cos mellores resultados nas enquisas de satisfacción do estudiantado. A listaxe de premiados é recollida anualmente nas Memorias anuais do Título, dispoñibles na seguinte ligazón:

<http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10526/10527>

BOAS PRÁCTICAS:

- Organización de cursos de innovación docente por parte do Departamento de Enxeñería Química, dirixidos a docentes da titulación de Grao en Enxeñería Química, e integrados no Programa de Formación e Innovación Docente da USC.

- Consolidación no Título do PDI dos programas Ramón y Cajal ou Isidro Parga Pondal.

- Premios "Leonardo" á docencia, para premiar ós docentes con mellores resultados nas enquisas de satisfacción do alumnado. Entréganse no acto central do Día da Escola (arredor do 15 de abril).

- Cursos de seguridade para docentes e alumnos de 3º ciclo:

http://www.usc.es/etse/files/u1/DOCformacionUSC_ETSE29112010.pdf

Guías para profesores da ETSE que lles da información sobre os procesos organización académica na Escola:

<http://www.usc.es/etse/files/u1/GuiaProfesores.pdf>

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Apoio á estabilización de investigadores-docentes dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Información tanto das infraestruturas (aulas, laboratorios, salas de informática, etc.) como de servizos (biblioteca, cafetería, oficina de mobilidade, etc.) da ETSE está dispoñible na súa web: http://www.usc.es/etse/gl/infraestruturas (portal de inicio > A Escola > Infraestruturas), http://www.usc.es/etse/gl/category/3/15 (portal de inicio > Servizos). Unha serie de espazos, tales como aulas de docencia, aulas de traballo, salas de reunións... poden reservarse mediante diferentes mecanismos, dependendo do espazo en particular: comunicación na conserxería, reserva en liña, anotación directa en folia de rexistro, etc. Aínda que non folgados, estes servizos e dependencias son suficientes para unha correcta programación e impartición da actividade docente. Quizais a complicación maior a este respecto é a avaría ou incorrecto funcionamento de ordenadores nas aulas de informática, facendo que os postos útiles reais destas aulas sexan inferiores ós seus valores nominais.</p> <p>A variación máis significativa que se ten producido recentemente neste eido é a perda de persoal directamente asignado ó local de reprografía do Centro. Este servizo está agora cuberto mediante o programa Campus na Nube e a atención persoal noutra dependencia externa ó Centro, dentro do Campus Vida. Esta información está convenientemente actualizada na web da ETSE.</p> <p>Durante os últimos anos levouse a cabo un proceso para a consecución da certificación OHSAS 18.001. A ETSE é o primeiro centro docente e investigador da USC que consegue esta certificación, que acredita os esforzos do Centro en garantir un mellor e máis seguro entorno de traballo para os membros da súa comunidade.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Certificación OHSAS 18001. Plan de seguridade da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590 (accesible desde o portal de inicio da ETSE > Seguridade). - Revisión de seguridade dos laboratorios e montaxes experimentais: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606 (accesible desde a páxina de inicio da ETSE > Seguridade > Proxecto Seguridade ETSE) - Pantallas de visualización de datos dispostas por todo o Centro, e conectadas a un único ordenador na Conserxería, para unha mellor difusión de información de interese. - Espazos abertos con mesas de traballo, para facilitar o desenvolvemento de traballo autónomo en grupo por parte do estudiantado no propio Centro. - Servizo de préstamo de discos duros portables ós estudantes. 							

- Servizo de taquillas para o estudiantado.	
PROPOSTAS DE MELLORA: (-)	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Resultados previstos							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Na páxina 159 da Memoria do Título (http://www.usc.es/etse/files/u1/memoriagraoEQdenifinitivaaprobadaANECAv2.pdf) menciónanse os obxectivos de acadar para o Grao en Enxeñería Química unha taxa de graduación superior ó 40 %, unha taxa de abandono inferior ó 10 % e unha taxa de eficiencia superior ó 90 %. As taxas de graduación (indicador IN43-S01-PM-01) e de eficiencia (IN45-S01-PM-01) de momento non están dispoñibles, dado o período de transición no que nos atopamos e no que ata o de agora soamente se graduaron uns poucos alumnos (ningunha promoción completa). Xa está dispoñible, por contra, unha primeira taxa de abandono durante o primeiro curso (indicador IN46-S01-PM-01), cun valor de 9,09 %. Polo tanto, nun principio estase cumprindo o obxectivo prefixado de menos do 10 % de taxa de abandono.</p> <p>Taxas complementarias que poden dar unha idea dos resultados que se están obtendo son a de rendemento (número de créditos ordinarios superados entre número de créditos ordinarios matriculados), a de éxito (número de créditos ordinarios superados entre número de créditos ordinarios presentados) e a de avaliación (número de créditos ordinarios presentados entre número de créditos ordinarios matriculados). A taxa de rendemento (indicador IN40-S01-PM-01) é do 75,61 %, moi similar a anos anteriores, quizais cunha leve tendencia ascendente. A taxa de éxito (indicador IN41-S01-PM-01) é do 85,59 %, mantendo unha tendencia crecente ó longo dos últimos anos. A taxa de avaliación (indicador IN42-S01-PM-01) é do 88,35, algo superior á de anos anteriores, aínda que sen unha tendencia clara polo momento. En calquera caso, todas estas taxas invitan a extraer sensacións de paulatina mellora no que respecta ós resultados obtidos.</p> <p>A ETSE edita unha memoria das titulacións de Enxeñería Química da ETSE (Grao e Enxeñería Química de 5 anos non adaptada ó EEES) onde se analizan diversos aspectos da marcha da titulación (perfil dos alumnos, taxas de éxito e rendemento, resultados de enquisas, premios, visitas técnicas e estadias no exterior baixo o programa Erasmus ou Séneca. Esta memoria está dispoñible na web da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10526</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reunións da titulación e de curso para a mellora da docencia (na busca da mellora do rendemento). - Elaboración da memoria da titulación, que analiza con información complementaria os resultados académicos e o perfil do alumnado da titulación: http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10418/10526/10527 - Premios ós mellores Traballos Fin de Grao e mellores expedientes académicos, nos actos do Día da Escola (en abril). 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>(-)</p>							

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O sistema de garantía de calidade de aplicación na titulación de Grao en Enxeñería Química segue as liñas xerais marcadas polo sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da USC, do que é responsable a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/. Por outra parte a ETSE dispón dun Sistema de Garantía de Calidade para facer o seguimento correspondente, no que participa a equipa de dirección do Centro, a Comisión de Calidade do Centro e o Responsble de Calidade do Centro, así como o coordinador da titulación: http://www.usc.es/etse/gl/calidade. Nesta ligazón tamén se pode descargar o Manual Simplificado do SGIC da ETSE (http://www.usc.es/etse/files/u1/ManualsimplificadoSGIC_ETSE_v02.pdf). As reunións e acordos da Comisión de Calidade do Centro, así como das outras comisións, quedan arquivados mediante a correspondente acta na Unidade de Apoio á Xestión da ETSE. O SGIC da ETSE conta coa avaliación positiva da ACSUG.</p> <p>Na sección de Calidade da web da ETSE (http://www.usc.es/etse/gl/calidade) atópanse dispoñibles o SGIC marco da USC e maila Planificación Estratéxica do Centro, así como o seu Programa Plurianual. Ademais, o portal de inicio da web da ETSE ten seccións específicas dedicadas á Mobilidade (http://www.usc.es/etse/gl/category/3/45) e ás prácticas en empresas (http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10463), onde se poden consultar os seus regulamentos e os detalles do desenvolvemento dos correspondentes procesos asociados.</p> <p>Aínda non é posible a realización, cun grao razoable de fiabilidade, do seguimento da inserción laboral e satisfacción dos egresados coa formación, debido ó reducido número de egresados ata o de agora.</p> <p>En xeral, unha reflexión frecuente sobre o SGIC e os temas de Calidade é que é que demandan un exceso de burocracia e de dedicación temporal de moita xente.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Existencia dunha Comisión de Calidade da ETSE que analiza os resultados acadados e planifica os novos obxectivos/metos que se deben lograr: http://www.usc.es/etse/gl/calidade - Elaboración de un Plan de Seguridade da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606 - Acreditación (http://www.usc.es/etse/gl/node/3100) do título de Enxeñería Química antigo, en proceso de extinción, por parte da Institution of Chemical Engineers (IchemE), referente da profesión de Enxeñeiro Químico a nivel mundial (http://www.icheme.org/about_us.aspx). A intención é solicitar a acreditación do Grao actual en canto sexa posible (necesítase unha cohorte enteira de egresados cando menos). - Acreditación do Centro polo programa FIDES AUDIT de Calidade da ACSUG: http://www.usc.es/etse/files/u1/certificado_ACSUG.jpg 							

- Existencia de unha caixa de suxestións no Centro, a disposición de tódolos membros da Comunidade ETSE.	
PROPOSTAS DE MELLORA: (-)	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Calendario de implantación							
Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O título de Grao en Enxeñería Química empezou a impartirse no curso académico 2010-11, tal como se contempla na Memoria. No curso 2011-12 comezou a impartirse o 3º curso da titulación, mentres que durante o curso 2012-13 se iniciou a impartición do 4º curso. A implantación deste último curso estaba previsto que se realizase, segundo a Memoria, conxuntamente co 3º curso, pero non houbo desexo de alumnos que estivesen a cursar 3º da titulación antiga non adaptada ó EEES de pasarse ó Grao. En calquera caso, esta pequena alteración non supuxo perca ninguén na axeitada implantación da integridade dos cursos do Título.</p> <p>O calendario de extinción da titulación antiga de Enxeñería Química, de 5 anos, non adaptada ó EEES, está a cumprirse tal e como está estipulado na Memoria. En cada ano académico suprímese a docencia do curso máis baixo. A docencia do curso superior concluirá no remate do ano académica 2013-14.</p> <p>Os estudantes que estean a cursar Enxeñería Química de 5 anos (en proceso de extinción, non adaptada ó EEES) poden solicitar o seu paso ó Grao. No apartado 10.2 da Memoria do Título, páxinas 178 a 180, sinálase o procedemento de adaptación que se seguirá para eles: http://www.usc.es/etse/files/u1/memoriagraoEQdenifinitivaaprobadaANECAv2.pdf</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>(-)</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>(-)</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Posta en marcha, durante o curso 2012-13, do 4º curso da titulación, que non puido facerse efectiva durante o curso 2011-12 (como se indicaba na Memoria do Título).				Non houbo alumnos procedentes do 2º ciclo de Enxeñería Química, interesados en pasarse á nova titulación.			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
“Se recomenda concretar las competencias propuestas”	Revisión das competencias propostas, materia a materia, a través da revisión das programacións docentes das materias por parte da Comisión do Título (xuño de 2012).
“Es recomendable realizar una descripción más detallada del sistema de evaluación”	Revisión das programacións docentes das materias por parte da Comisión de Docencia da Titulación (xuño de 2012). Verificación da adaptación dos sistema de avaliación de cada materia ás indicacións da Memoria do Título.
“Se recomienda describir con más detalle el procedimiento establecido para recoger la satisfacción de los colectivos implicados en el título, en especial la periodicidad de las encuestas.”	Realización de enquisas de satisfacción docente do alumnado e do profesorado. Responsable: Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html
“Se describe extensamente la gestión de las prácticas externas, pero no se encuentra suficientemente detallados los procedimientos para la recogida y análisis de la información sobre la calidad de las mismas.”	Xa se recollen parte destes requerimentos a través da Guía Docente da materia de Aula Profesional, itinerario de prácticas en empresas (4º curso de Grao, 2º semestre): http://www.usc.es/opencms/gl/centros/etse/materia.html?materia=60081&ano=63 A realización de prácticas en empresas constitúe un eixo estratéxico da ETSE: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10463 Por outra parte vanse establecer os criterios que garantan a titorización do estudante, que as tarefas realizadas sexan acordos co título e que permitan cuantificar a satisfacción de estudantes e responsables de empresa con esta actividade. Responsables: Dirección de ETSE, Comisión de Titulación de Enxeñería Química (Decembro 2012-Marzo 2013).

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
(-)	(-)